



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILANOVA DE AROUSA CELEBRADA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2012.

ASISTENTES

Alcalde: Gonzalo Durán Hermida

Concelleiros/as:

Partido Popular (P.P): Julio Varela Núñez; Áurea Bermúdez Oubiña; Ana María Carballa Magariños; María Rosa Rodríguez Lago; Manuel Sineiro Cores; José Luis Novo Galbán; Nuria Morgade Pouso; Alejandro Costa Piñeiro; Benito Portas Blanco e José Portas Núñez; Dorinda Rosa Pérez González

PSdeG-PSOE: María José Vales Martínez; María Ángeles Pérez Piñeiro. Non asistiu D. Valentín Caamaño Paz.

BNG: María do Carme Alfonso Leiro e Juan Luis Nogueira Moure.

Secretario Xeral: Javier Bouzada Romero.

=====

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as 20,30 horas do día 30 de novembro de 2012, previa convocatoria, reúnen-se en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as integrantes do Pleno da Corporación relacionados co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

Na sesión tratáronse os seguintes asuntos:

1º.- APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA OS DÍA 28 DE NOVIEMBRE DE 2011.-

Sometidas a votación resultou aprobada por 12 votos a favor (PP) e 4 abstencións (PSdeG-PSOE e BNG).

2º.- ENTREGA DE COPIA DAS RESOLUCIÓN S DA ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O DÍA 28 DE NOVIEMBRE DE 2011.-

Acto seguido faise entrega aos voceiros dos grupos políticos municipais do PSdeG_PSOE e do BNG das copias das resolucións da Alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario celebrado o día 28 de novembro de 2011.

3º.- RENUNCIA DE DON VALENTIN CAAMAÑO PAZ AO CARGO DE CONCELEIRO.-



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

Acto seguido polo Sr. Secretario dáse lectura ao escrito de data 12 de decembro de 2011 (Rexistro de Entrada nº 7528 do 14 de decembro) no que o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE Don Valentín Caamaño Paz renuncia ao seu cargo de concelleiro debido a que os estudos que está a realizar en Santiago de Compostela lle imposibilitan o exercicio do seu cargo. O Pleno queda enterado da renuncia e acorda dar conta da mesma á Xunta Electoral Central para a expedición da oportuna credencial en favor doutro concelleiro do mesmo grupo político, ao tempo que se acorda facer constar en acta o agradecemento ó labor realizada no pouco tempo que exerceu o seu cargo de concelleiro.

4º.- MOCIÓNS.-

A) Do PSdeG-PSOE

A.1. SOBRE ENSINO PÚBLICO.- Acto seguido procédese pola concelleira D^a, M^a Jose Vales Martínez a dar lectura a unha moción do grupo municipal socialista na que se insta ao Presidente da Xunta de Galicia a apostar de forma decidida polo sistema educativa público en Galicia e rematar coas políticas de recortes que se están a efectuar no sistema educativo público. Ao rematar defende o contido da dita moción.

Polo BNG intervén a súa voceira D^a M^a do Carme Alfonso Leiro quen manifesta que está de acordo coa moción instando a que se engada na mesma que o concello solicite subvencións para potenciar a formación d adultos ante o déficit da mesma.

Intervén o Alcalde para manifestar que o sistema educativo español está a fracasar desde hai moitos anos non sendo de competencia municipal a súa solución. Engade que habería que dar un cambio substancial empezando polo propio profesorado.

Nunha segunda quenda intervén novamente a voceira do grupo municipal do BNG para manifestar que ela sí cree no ensino e no profesorado público.

Por parte do PSdeG-PSOE manifestase que non hai inconveniente en engadir a proposta do BNG ao contido da moción.

Sometida a votación foi rexeitada por 4 a favor (PSdeG-PSOE e BNG) 12 votos en contra (PP).

A.2. SOBRE BOLSAS DE ESTUDIOS PARA FORMACIÓN PROFESIONAL.- De seguido procédese pola concelleira D^a. María de los Ángeles Pérez Piñeiro a dar lectura a unha moción do grupo municipal socialista na que se insta á Xunta a crear unha liña de axudas para os alumnos que por circunstancias sobrevidas non poidan seguir cursando os seus estudos, así como un liña de becas para desempregados menores de 25 anos que desexen retomar ou iniciar o retorno ao sistema educativo.



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

Polo BNG intervén a súa voceira D^a M^a do Carme Alfonso Leiro quen manifesta que está de acordo coa moción manifestando que o concello debería apostar forte por conseguir axudas para a formación no emprego, xa que as necesidades neste eido son moitas.

Polo Sr. Alcalde manifestase que a moción é anterior á publicación no Diario Oficial de Galicia do 25 de novembro último dunha orden de axudas, manifestando que o goberno do PP na Xunta está apostando forte pola formación profesional en comparación coa política levada a cabo polo bipartito, engadindo que sería conveniente non obstante que antes de investir en formación profesional se tivesen definidas as necesidades do emprego para adecua-la dita FP ás mesmas.

Sometida a votación foi rexeitada por 4 a favor (PSdeG-PSOE e BNG) 12 votos en contra (PP).

B) Do BNG.-

B.1. SOBRE ESCOLAS INFANTÍS NO RURAL.- Pola voceira do BNG D^a M^a do Carme Alfonso Leiro dáse lectura a moción na que se insta á Xunta de Galicia a que invista na creación escolas infantís nas distintas parroquias do concello e tal e como no seu día solicitou o Pleno e que namentres colabore co programa Preescolar na Casa. Unha vez rematada a lectura xustifica a mesma manifestando que a educación preescolar entre os 0-6 anos ten unha importancia vital no desenvolvemento da personalidade dos individuos.

Polo PSdeG-PSOE intervén D^a M^a Jose Vales Martínez para manifestar que o seu grupo está de acordo co contido da moción.

Sometida a votación foi rexeitada por 4 a favor (PSdeG-PSOE e BNG) 12 votos en contra (PP).

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A) Do BNG.-

Pola voceira do BNG D^a M^a do Carme Alfonso Leiro formuláronse as seguintes preguntas que foron respostas polo Alcalde do xeito que se indica:

- 1) Sobre cándo se ían render as contas do ano 2010.- O Sr. Alcalde contesta: "Pronto".
- 2) Sobre si o concello está a solicitar as subvencións xa convocadas este ano pola Xunta. O Sr. Alcalde contesta: "Estase neló"



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax. 986 554 069

- 3) Sobre cando vai a solucionarse o asunto do alugamento dos vestiarios do campo do Terrón: O Sr. Alcalde contesta: "Cando se poida."
- 4) Sobre cando se vai a sacar a concurso a concesión dos viñedos de Vista Real. O Sr. Alcalde contesta: "Espero que este ano".
- 5) Sobre cando vai a construírse o Centro de Día prometido no Pazo de Vista Real: O Sr. Alcalde contesta: "Cando a Xunta teña cartos".
- 6) Sobre cando van a iniciarse as obras de ampliación do Hospital do Salnés: O Sr. Alcalde contesta: "Cando a Xunta o dispoña unha vez cedidos os terreos pola Mancomunidade".

B) Do PSdeG-PSOE.-

Pola concelleira D^a M^a Jose Vales Martínez formúlanse as seguintes preguntas:

- 1) Cando se lle vai a entregar a relación de facturas pendentes de pago solicitadas por escrito polo seu grupo político. O Sr. Alcalde contesta que se trata dun tema da Intervención Xeral instando a poñerse en contacto con ela para coñecer cando vai a afacer a dita entrega.
- 2) Sobre as deficiencias no subministro de auga e electricidade no Polígono de Baión. O Alcalde contesta: En canto á electricidade houbo un roubo de cables que xa se denunciou no Xulgado e que se reporán moi pronto. En canto a auga manifesta que en efecto existen problemas de presión que está intentando solucionar estes días a empresa Espina e Delfín, matizando que a empresa SOAGA está a traballar xa no polígono se ben pendente dunha solución definitiva en canto a auga.

E non habendo máis asuntos de que tratar polo Sr. Alcalde se levantou a sesión sendo as 21,10 horas, do que se estende o presente acta da que como Secretario Xeral certifico e dou fe.